



Expediente núm.: 203/2023

Procedemento: Aprobación proxecto de construción aparcamento en superficie na parcela 32059A04500112 e a súa posterior Expropiación

Data de iniciación: 21/04/2023

ANUNCIO

Por Acordo do Pleno de data 26 de setembro de 2024, aprobouse definitivamente a relación de bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación forzosa para a realización das obras contidas no Proxecto Técnico da obra "construcción aparcamento en superficie", así como a designación nominal dos interesados cos que deben entenderse os sucesivos trámites, quedando declarada a necesidade de ocupación dos mesmos, o que se publica aos efectos do artigo 21 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954.

« 3.- APROBACION PROXECTO PARA CONSTRUCCION DE APARCAMENTO EN MONTERREI E PROXECTO DE EXPROPIACION PARCELA

Examinado o Acordo do Pleno de data do 28 de novembro de 2023 e a correspondente documentación do expediente, na que se pon de manifesto que para a correcta execución do Proxecto Técnico da obra "construcción aparcamento en superficie" é necesaria a ocupación con carácter definitiva da parcela 32059A04500112.

RESULTANDO que o citado Proxecto Técnico redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 14385, D Alejandro Peña López, someteuse a aprobación inicial conxunta coa relación concreta e individualizada de propietarios e ben que resulta afectado pola execución do Proxecto Técnico referenciado, na que se describen, en todos os aspectos, material e xurídico, o ben ou dereito que se considere de necesaria expropiación, así como, se proceder, dos imprescindibles para as ampliacións das obras determinadas deste expediente.

RESULTANDO que para a correcta execución das obras é necesaria a adquisición de determinado ben afectado pola execución do Proxecto.

CONSIDERANDO que unha vez aprobado definitivamente o Proxecto Técnico leva implícita a declaración de utilidade pública das obras nel contempladas e por tanto, leva consigo a autorización para expropiar o bens e dereito necesario para a realización das obras.

CONSIDERANDO Visto que, sometida a información pública a relación individualizada de bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa para a ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras contidas no Proxecto Técnico da obra "construcción aparcamento en superficie", durante o prazo de quince días presentáronse en tempo e forma as seguintes observacións:

Forma de presentación	Rexistro	En prazo	Nome
Presencial	5555	Si	José Manuel Quintans González en calidade de presidente da Comunidade de Montes en Mán Común de Cachamuiña
Electrónica	5440	Si	Alfonso Grande Pérez en representación





dos vecinos comuneiros de Penedo.

CONSIDERANDO que polos Servizos Técnicos e Xurídicos desta Corporación redactouse a relación de propietarios, ben e dereito que resulta afectado pola execución do citado Proxecto.

VISTOS os artigos 4.1.d) da Lei 7/85, do 2 de abril, 90 e 94 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, 10 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa e os concordantes do seu Regulamento, visto así mesmo o Informe da Secretaría desta Corporación,

O Pleno da Corporación, acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por Alfonso Grande Pérez en representación dos vecinos comuneiros de Penedo, tendo en conta que non se aporta base documental sólida que fundamenten os feitos que se intentan defender.

SEGUNDO.- Estimar as alegacións presentadas por José Manuel Quintans González en calidade de presidente da Comunidade de Montes en Mán Común de Cachamuiña, con base á a documentación aportada ao expediente.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto "construcción aparcamento en superficie" xunto co anexo redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 14385, D Alejandro Peña López, cun orzamento de 599.077,15 euros.-

CUARTO.- Aprobar con carácter definitivo a relación concreta, individualizada e valorada, do ben e dereito a ocupar necesariamente para a execución das obras, e que se expresan ao final deste acordo, así como a designación nominal dos interesados cos que han de entenderse os sucesivos trámites en base á documentación presentada e que obra neste expediente.

QUINTO.- Considerar que co actuado queda demostrada a necesidade de ocupación do ben e dereito a que se refire este expediente, e por tanto, acórdase a necesidade de ocupación do mesmo, considerando que este acordo inicia o expediente expropiatorio, entendéndose todas as actuacións posteriores referidas a esta data.

SEXTO.- Proceder á publicación deste acordo na forma a que se refire o artigo 21 en relación co 18 da Lei de Expropiación Forzosa, abrindo información pública durante un prazo de quince días no Boletín Oficial da Provincia en nun dos diarios de maior circulación da provincia, con notificación persoal aos interesados, convidándose aos mesmos para que propoñan un prezo que propicie a adquisición por mutuo acordo.

SÉTIMO.- Publicar así mesmo na sede electrónica deste Concello [<https://concellopereiro.sedelectronica.gal/info.0>], este acordo quedando á disposición dos interesados

RELACION INDIVIDUALIZADA DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

Termo Municipal: .O Pereiro de Aguiar. (Ourense)

A.- Ben afectado:

Titularidade

CDAD DE MONTES EN MANO COMUN DE LOS VECINOS DE CACHAMUIÑA





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

NIF: V32160558
dirección LG CACHAMUIÑA 32710 O PEREIRO DE AGUIAR [OURENSE]
Superficie afectada 9.089 m²
Polígono. 45
Parcela. 112
Superficie construída 28 m²
Referencias catastrais: 32059A045001120000OT (finca) e DH1102000PG09E0001JQ (edificación)

SÉTIMO.- Solicitar a Xunta de Galicia, que declare urxente a ocupación do ben afectado pola expropiación para os efectos contemplados no art. 52 da Lei de Expropiación Forzosa, pola urxente necesidade de dotar ao municipio dun aparcamento en superficie nesa zona concreta.

En consecuencia é de suma urxencia a ocupación do terreo afectado pola execución das obras de construción dun aparcamento en superficie, segundo o proxecto aprobado e a relación de ben e dereito sobre o que se adoptou definitivamente a necesidade de ocupación, tras a previa información pública.

OITAVO. Publicar o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior circulación da Provincia.

NOVENO. Notificar o presente acordo aos afectados que aparezan no referido acordo.».

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O Alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

